

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA Nº 282/2016

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/2986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 15 de XULLO/2016 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

- 1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior de data 17.06.16.
- 2º.- Determinación de festivos locais no término municipal de Valdoviño, ano 2017.
- 3º.- Aprobación de modificación de bases de execución do orzamento municipal, prorrogado para o ano 2016.
- 4º.- Expediente nº 1/2014, de investigación de camiño sito no lugar de O Castro-Lago.
- 5º.- Aprobación inicial do inventario de Bens e Dereitos do concello de Valdoviño.
- 6º.- Declaración institucional de Valdoviño, como municipio solidario co Alzheimer.

CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

- 7º.- Dar conta de decretos da Alcaldía. Relación núm. 06/2016.
- 8º.- Rogos e preguntas.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Valdoviño a 12 de xullo de 2016

O ALCALDE,

Asdo: Alberto González Fernández